

**Punto 6.º —Interpelacións:**

—De D. Ramón Félix Blanco Gómez e cinco deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación dun parque tecnolóxico de Galicia en Ourense (doc. n.º 695, publicado no BOPG n.º 24, do 27 de abril de 1990).

—De D. José Luis Rodríguez Pardo, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o nomeamento de delegados provinciais das consellerías (doc. n.º 734, publicado no BOPG n.º 26, do 4 de maio de 1990).

—Do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación da COTOP respecto do estudio de impacto ambiental (EIA) da fábrica de pasta e papel de Eurogalicia Forestal, S.A. (doc. n.º 2.628, publicado no BOPG n.º 88, do 30 de novembro de 1990).

—De D. Santos Oujo Bello, do G.P. Mixto, sobre as razóns da publicación da orde da Consellería da Presidencia do 31/1/91 con anterioridade á presentación no Parlamento do Plan de distribución do Fondo de Cooperación Local (doc. n.º 4.031, publicado no BOPG n.º 135, do 20 de abril de 1991).

**Punto 7.º —Preguntas:**

—De D. Miguel Martínez Losada, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a actuación na empresa Viriato (doc. n.º 4.149, publicado no BOPG n.º 142, do 8 de maio de 1991).

—De D. Santos Oujo Bello, do G.P. Mixto, sobre os custos da publicidade realizada pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes nos medios de comunicación en 1990 (doc. n.º 4.178, publicado no BOPG n.º 142, do 8 de maio de 1991).

—De D. Santos Oujo Bello, do G.P. Mixto, sobre as xestións realizadas polo Goberno galego para a transferencia do Instituto Social da Mariña e previsións ó respecto (doc. n.º 4.309, publicado no BOPG n.º 145, do 21 de maio de 1991).

—De D. Francisco Rodríguez Fernández, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da demora da construción do novo instituto que se vai ubicar no barrio da Ponte (Ourense) (doc. n.º 4.347, publicado no BOPG n.º 145, do 21 de maio de 1991).

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei e moción ata seis horas antes do comezo da sesión, ó abeiro do disposto nos artigos 161.2 e 151.2 do Regulamento.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 1991.

O PRESIDENTE  
**Victorino Núñez Rodríguez**

**h. ACORDOS****PRESIDENCIA**

A Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, en reunión celebrada o día 28 de maio de 1991, acordou aproba-las Normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e concordantes do regulamento da Cámara, ordénase a súa publicación no BOPG.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 1991.

O PRESIDENTE  
**Victorino Núñez Rodríguez**

**Normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo**

Da lectura conxunta dos artigos 4, 36 e 37 da Lei autonómica 6/84, do 5 de xuño, e 44 e 143 do Regulamento da Cámara, configúranse as relacións existentes entre o Valedor do Pobo e o Parlamento en tres vertentes:

1.—Orgánica, a través da Comisión de Peticións e do Pleno da Cámara.

2.—Funcional, coa finalidade de dar conta da xestión anual da institución ou daqueles feitos ou actuacións en materia de tutela de dereitos individuais e

colectivos dos galegos ou derivados da supervisión de actividades da Administración pública da Comunidade Autónoma que pola súa gravidade ou urxencia deba coñecer de xeito inmediato a Cámara.

3.—Procedemental, articulando a súa instrumentación mediante o informe anual e os informes extraordinarios correspondentes.

Para facer efectivas as devanditas relacións, e dada a carencia dunha norma regulamentaria específica, a Mesa, logo de acordo favorable da Xunta de Portavoces e ó abeiro do artigo 30.1.1.ª, préstalle-la súa aprobación ás seguintes

## NORMAS

### I

#### Informe anual

Primeira.—Actuación da Mesa do Parlamento.

O informe anual do Valedor do Pobo remitirase á Mesa do Parlamento dentro do período ordinario de sesións.

Recibido, a Mesa acordará a súa admisión a trámite, publicación e traslado á Comisión de Peticións.

Segunda.—Actuación da Comisión de Peticións

Incluído na orde do día dunha sesión específica da Comisión, desenvolverase do xeito seguinte:

—Exposición oral do informe polo Valedor, sen límite de tempo.

—Suspensión da reunión por un tempo máximo de trinta minutos.

—Intervención dos representantes dos grupos parlamentarios por dez minutos para formularen preguntas ou faceren observacións sobre o informe que contestará o Valedor.

—Apertura dunha nova quenda que concederá a Mesa, se o estima oportuno, para que os deputados poidan solicitar do Valedor aclaracións sobre a información facilitada, por un tempo máximo para cada un de cinco minutos.

Terceira.—Debate ante o Pleno.

O debate axustarase ó seguinte procedemento:

a) O Valedor expoñerá un resumo do informe debaixo ante a Comisión de Peticións. Ó seu remate abandonará o salón de sesións e os deputados iniciarán as súas deliberacións.

b) Seguindo a orde de actuación prevista no artigo 80.1 do Regulamento, os representantes de cada grupo parlamentario poderán intervir por un tempo máximo de quince minutos para fixa-la súa posición respecto do informe presentado.

c) Con motivo deste debate non poderán presentarse propostas de resolución, dado o seu carácter informativo, sen prexuício de posteriores iniciativas regulamentarias.

### II

#### Informes extraordinarios

Cuarta.—Determinación.

Os informes extraordinarios presentaranse cando se produzan feitos ou se constaten actuacións en materia de tutela de dereitos individuais ou colectivos dos galegos ou derivados da supervisión da actividade da Administración pública da Comunidade Autónoma que pola súa gravidade ou urxencia deba coñecer de xeito inmediato a Cámara.

Quinta.—Competencia e iniciativa.

O seu debate producirase ante o Pleno, a Deputación Permanente ou a Comisión de Peticións, tendo en conta para a súa asignación a importancia dos feitos e as actuacións e o período parlamentario en que se produzan.

A solicitude de presentación do informe correspóndelle ó Valedor do Pobo ou á Cámara. Neste último suposto, a iniciativa, que terá que ser motivada, exercitarase por dous grupos parlamentarios, por unha quinta parte dos membros da Cámara ou pola Comisión de Peticións. Tal iniciativa cualificarase pola Mesa do Parlamento, que, oída a Xunta de Portavoces, decidirá sobre a súa admisión a trámite ante o órgano parlamentario correspondente e dispoñerá a publicación do informe solicitado.

Sexta.—Procedemento.

O debate no Pleno axustarase ó disposto na norma terceira e o debate ante a Deputación Permanente ou na Comisión de Peticións ó establecido no artigo 143 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 1991.

O PRESIDENTE  
Victorino Núñez Rodríguez

## i. INFORMACIÓN

### PRESIDENCIA

Nos termos previstos no artigo 29 da Lei da función pública de Galicia e aprobada a Lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio de 1991, publícase a oferta de emprego público parlamentario para o ano 1991, constituída polas prazas vacantes dotadas presupostariamente que a seguir se relacionan:

a) Prazas dotadas presupostariamente e que teñen a súa orixe no exercicio anterior:

—Servicios Administrativos:

—2 prazas de auxiliar administrativo/a, grupo D, complemento de destino nivel 14.

—Servicios Económicos:

—1 praza de auxiliar administrativo/a, grupo D, complemento de destino nivel 14.

—Xefatura da Unidade de Caixa, grupo A ou B, complemento de destino nivel 25.

—Servicios Técnicos:

—1 praza de redactor/a, grupo A ou B, complemento de destino nivel 20.

—1 praza de auxiliar administrativo/a, grupo D, complemento de destino nivel 14.

b) As comunicadas pola oficina do Valedor do Pobo para ser cubertas no presente ano:

—3 prazas de auxiliar administrativo/a, grupo D, complemento de destino nivel 14.

—2 prazas de porteiro, grupo E, complemento de destino nivel 12.

—1 praza de telefonista, grupo E, complemento de destino nivel 12.

c) As que se produzan durante o presente exercicio por renuncia ou excedencia voluntaria, transformación ou creación de novos servicios.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 1991.

O PRESIDENTE  
Victorino Núñez Rodríguez

**Resolución do 28 de maio de 1991, da Presidencia do Parlamento, pola que se anuncia concurso público aberto, para a subministración de equipo informático para a Sección de Biblioteca e Documentación do Parlamento de Galicia.**

En execución do acordo adoptado pola Mesa do Parlamento do día 30 de abril de 1991, e de conformidade co disposto no artigo 96 do Regulamento xeral de contratación, esta Presidencia préstalle a súa aprobación ó seguinte

ANUNCIO:

1.—Publicación:

O prego de cláusulas administrativas publicouse no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia n.º 143, do 10 de maio, e atópase a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Parlamento.